

ID#473

Sabaceda, Bazar — Santa Comba, 2013-09-23

Informantes: Maruja de Cataliña (63), Maruja do Americano (69)

Compiladores: Ismael Marcos, Francisco Manteiga

Transcripción da letra: I. Marcos; rev. S. de la Ossa, A. Santamarina

1. Mándanme toca-la jota
eu a jota non a seie
para éseh bailadores
a jota lles tocareie
a jota lles tocareie
ai la la la ai la la la.

*E vira e vira / e ven d' arredor
que ti te-la ghalá / de bo bailador
de bo bailador, / de bo bailador
e vira e vira e ven d' arredor.*

Refrán (mesma melodía da copla 1):

*Apagh' ò candil / María, chus, chus
apagh' ò a o candil / que ten moita lus
que ten moita lus, / moita claridá
apagha o candil / e chégat' alá.*



2. María ten bóah pérnah
que llah vin no corredore
non hai pernas coma élah
nar fillas do labradore
nas fillas de labradore
ai la la la ai la la la.



Museo
do Pobo
Galego

*E d' onde che ven? / D' onde che virá?
Túa nai n' o ten / teu pai non cho dá;
teu pai non cho dá, / teu pai non cho dá,
e d' onde che ven? / Do trailalará.*



instituto de
estudos das
identidades

3. Se quéreh que o carro cante
baldeiro polo camiño
bóttall' o eixe de buxo
ah leituras de sancríoño
ah leituras de sancríoño
ai la la la ai la la la.

4. No te fies de los hombres
aunque te dighan «te quiero»;
al conseghir lo que quieren,
se te he visto no me acuerdo
se te he visto no me acuerdo
ai la la la ai la la la.

*E ti te-lo te-lo / non mo queres dar
e despois de vello / ha-lo de gardar
ha-lo de gardar / ha-lo de gardar
e ti te-lo te-lo / non mo queres dar.*

5. Abaixo do lavadoiro,
donde María lavaba,
había un anillo d' ouro,
unha mazán colorada
unha mazán colorada
ai la la la ai la la la.
6. Pasei pola túa porta,
mirei para arriba, vin/be
un letreiro que decía:
«eu para ti non nacín/be».
7. Eu como sabía lere
quitei un e puxen outro:
«ti para min non naceches
e ieu para ti tampouco»
e ieu para ti tampouco
ai la la la ai la la la
8. —Costureiriña bonita,
dónde gharda-lo vestido?
—Téño ghardado na hucha
para poñelo os domingos
para poñelo os domingos
ai la la la ai la la la.
9. Unha vella cun candile
escoghonasió na casa
o tallo rincha que rincha
o candil ghasta na ghraxa
o candil ghasta na ghraxa
ai la la la ai la la la.
10. Unha vella, vella, vella,
vella da cabeza branca,
botou un peido na cama,
fixo levanta-la manta.